

meteorolóxicos adversos.

O obxectivo inmediato da administración de proporcionar servizos básicos aos distintos asentamentos poboacionais, dispersos ao longo do termo municipal, tales como a construción de viais co fin de mellorar as condicións hixiénicas dos espazos públicos e de favorecer o acceso dos medios de transporte a estes núcleos, como sucede no caso que nos ocupa, en moitas ocasións trouxo como resultado actuacións incompletas que non resolveron aspectos tan elementais como a evacuación das augas pluviais, precisamente nun territorio caracterizado por longos invernos chuviosos, agravando a erosión do solo e dificultando a circulación das persoas como consecuencia da carencia dun sistema de recollida das escorrentías.

Tampouco se proxectou a realización dunha infraestrutura destinada á recollida augas residuais xeradas pola actividade humana, susceptible de portar elementos patóxenos que poden causar alteracións sobre o ecosistema e incluso o risco producir a contaminación das augas subterráneas. Da mesma maneira, tamén compre salientar que o núcleo carece dunha rede de abastecemento que conduza a auga potable ás vivendas.

Por último, quizás o que chama maiormente a atención neste lugar ven dado polo baixo nivel de calidade dos materiais empregados e dos modestos ou incompletos acabados aplicados ao pavimento existente, probablemente como consecuencia da premura administrativa de garantir o acceso rodado e de satisfacer as necesidades máis inmediatas da poboación residente na procura de proporcionar uns niveis mínimos de calidade de vida a todos os núcleos de poboación. Este vial, rematado en formigón, presenta unha superficie ríxida en toda a súa extensión, rugosa en determinados tramos e moi desgastada na amplitude que abrangue a súa superficie, por mor da concorrencia de factores como a circulación cotián do tráfico rodado, o deterioro padecido polo natural paso do tempo e a erosión producida como consecuencia fundamentalmente da falta dunha rede subterránea de evacuación de pluviais ou dunha canalización nos extremos da calzada. Así mesmo, a capa superior mostra un firme con numerosas ondulacións e longos treitos nos que a degradación se aprecia con maior claridade na presenza de grava solta ou levantada, así como no brote dunha pequena vexetación que ofrece un sinal evidente do exíguo grosor que reúne a sección pavimentada.

O remedio a todas estas deficiencias pasará necesariamente por levar a cabo unha intervención integral que comprenderá primeiramente a realización de traballos de demolición e escavación sobre o solo actual, para logo proceder á formación dos respectivos sucos nos que se instalarán as canalizacións subterráneas por onde se conducirán tanto as redes de pluviais como as de abastecemento e saneamento, ambas con acometidas aos domicilios, así como as de guiado do alumeadado público e de telefonía. Para protexer estes colectores estenderase unha capa de zahorra debidamente compactada, que ao mesmo tempo servirá de apoio e resistencia á estrutura de formigón, por enriba da que se fixarán finalmente as lousas de granito semimoreno-silvestre, xunto coas gabias do mesmo material que irán dispostas ao longo da beira calzada para dirixir as augas ata os sumidoiros.

Por outra parte, mediante a realización destas melloras vólvese a recuperar o íntimo vínculo entre a paisaxe e a aldea, que se concreta na creación dunha nova infraestrutura formulada para ocultar o tendido aéreo existente co fin recobrar a adecuada correspondencia entre a urbanización e o entorno, na instalación de colectores soterrados co propósito de facer chegar ao medio rural os mesmos servizos básicos que se veñen prestando nas urbes e que son de enorme relevancia para a preservación do entorno físico, e, por último, na acertada decisión de recorrer á colocación dun pavimento rematado en pedra granítica co obxecto de lograr unha integración espacial acorde á realidade cultural e arquitectónica do núcleo, ao tempo que se está optando pola utilización de materiais construtivos máis eficaces e cunha vida útil máis lonxeva en prol da sostibilidade da infraestrutura construída e, por tanto, da diminución de futuros gastos de conservación e mantemento; e todo elo sen esquecer a consabida importancia que adquire como recurso turístico e cultural a posta en valor do patrimonio arquitectónico popular.